

MANUAL DE CALIDADE  
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE  
ESAD DE GALICIA

**DE201.03 Proxecto Curricular**

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
2	16-06-2014	Adecuación LOMCE, adecuación LOE	18-06-2014
3	3-03-2015	Programa FIDES-AUDIT Acreditación ACSUG	22-09-2015
4	<a href="#">21-11-2107</a>	<a href="#">Revisión adecuación Orde 21 novembro</a>	<a href="#">27-02-2018</a>

## 1. PREÁMBULO. Fontes legislativas, características e finalidade.

O Proxecto curricular é o documento no que se establecen, en toda a súa complexidade, todos os aspectos relativos á organización académica da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia amais daqueles aspectos administrativos vinculados con eles. Merecen especial atención a organización dos estudos, dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, os aspectos metodolóxicos ou os criterios de avaliación que son comúns ao profesorado da ESAD. Igualmente, considéranse actividades non menos importantes como a investigación, a creación ou a formación aberta e permanente.

De igual maneira, o documento recolle e incorpora todas as instrucións, recomendacións e directrices emanadas ora da lexislación autonómica ou estatal aplicable como aquela que ten que ver coa converxencia das ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo da Educación Superior. O documento nace do traballo cooperativo do profesorado da ESAD de Galicia coa vontade de alentar un proxecto común de traballo nos eidos da docencia, a creación e a investigación, do que tamén se fai partícipe o alumnado, a través dos órganos competentes de representación e de xestión da Escola.

**1. 1. Fontes legislativas.** A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia é un centro superior de ensinanzas artísticas e, como tal, o seu funcionamento está regulado pola normativa específica que se recolle no inicio das Normas de Organización e Funcionamento (DE301.01).

**1. 2. Características e finalidades.** O Proxecto Curricular da Escola (PCE) está regulado polo Decreto 324/1996, pola Orde do 1 de agosto do 1997, e polo artigo 121 da Lei Orgánica de Educación, do 3 de maio. O Título IV, Capítulo I do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e que, segundo o establecido no seu artigo 2º é de aplicación para os centros superiores de ensinanzas artísticas, regula o proceso de elaboración e aprobación do proxecto educativo de centro. No seu artigo 88 establece que os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa, que deberá concretarse no proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento.

A antedita Orde do 1 de agosto de 1997, no seu artigo 37 establece que o Proxecto Curricular estará formado polos proxectos curriculares de cada unha das etapas que se ofrecen no centro, que no caso da ESAD de Galicia se corresponden cos estudos superiores, nas súas especialidades, e cos estudos de posgrao no momento en que se implanten. Igualmente, no seu articulado, a Orde establece unha serie de normas fundamentais que se presentan agora adaptadas á realidade da ESAD, e que se complementan co establecido na Circular 18/2006, que establece que o Proxecto Curricular da Escola estará formado polos proxectos curriculares correspondentes a cada un dos distintos departamentos didácticos que integran a escola, que recollerá os desenvolvementos curriculares das materias adscritas aos mesmos, e que se integran nos desenvolvementos curriculares de cada unha das especialidades que configuran a titulación en Arte dramática. Como necesario complemento do establecido pola normativa vixente, a comunidade escolar da ESAD de Galicia integra no documento outros aspectos relativos á organización e funcionamento da ESAD de vital importancia para o correcto desenvolvemento de todas as actividades que lle son propias.

Por outra banda, tendo en conta que as ensinanzas superiores de arte dramática se deben integrar no Espazo Europeo de Educación Superior, o que implica un proceso de verificación da titulación, cómpre ter en conta os protocolos de verificación de titulacións académicas oficiais establecidas pola ANECA e pola ACSUG. En consecuencia:

- a) Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, o Proxecto curricular debe entenderse como o Proxecto curricular de cada unha das especialidades implantadas

- no centro, que contén as guías docentes de cada unha das disciplinas que integran o currículo.
- b) Igualmente se debe considerar como proxecto curricular a Guía de Titulación, que amais da documentación antes citada, segue as directrices emanadas de ANECA e da ACSUG para a elaboración e presentación da Memoria para a verificación de títulos, no caso da ESAD do título superior en arte dramática. Esta Guía toma a denominación de Memoria do Título Superior en Arte Dramática (DC501.01)
- c) Na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto curricular prestarase especial atención á coordinación entre as diferentes áreas de coñecemento e entre os diferentes departamentos e servizos da Escola.
- d) Os proxectos curriculares de cada especialidade serán avaliados anualmente polos Departamentos didácticos, en Xunta de titulación, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Claustro de profesores e profesoras. As propostas de modificación dos proxectos curriculares, se é o caso, serán elaboradas, durante o mes de xuño, pola Comisión de Coordinación Pedagóxica á vista das indicacións dos departamentos. As ditas propostas serán analizadas e aprobadas, se é o caso, polo Claustro no mes de xuño.
- e) Na elaboración dos documentos curriculares de centro deberán adoptarse as seguintes decisións:
- A adecuación dos seus obxectivos xerais ás características do alumnado.
  - Os criterios de carácter xeral sobre metodoloxía e avaliación.
  - Os criterios de secuenciación e distribución dos contidos por cursos, incluíndo os criterios de organización dos contidos das distintas materias e disciplinas para favorecer o seu tratamento interdisciplinario.
  - Os procedementos para avaliar a progresión na aprendizaxe do alumnado.
  - As características e o tipo de informes que se utilizarán para transmitir a información que se desprende da avaliación.

## **2. OFERTA EDUCATIVA.**

A ESAD de Galicia ten implantadas as especialidades de Dirección escénica e Dramaturxia (cos itinerarios de dirección escénica e dramaturxia), Interpretación (cos itinerarios de textual e xestual) e Escenografía.

No eido da formación permanente, a ESAD ofrece cursos e outras actividades de formación aberta. Os requisitos para realizar as ditas actividades derivan da finalidade e dos contidos das mesmas, mais sempre están destinadas a persoas maiores de 16 anos. Co todo a ESAD poderá organizar outras actividades dirixidas a usuarios de menor idade en colaboración con outras entidades e organizacións que asumirán as responsabilidades propias e derivadas da organización das mesmas (seguridade, seguros, acompañamento, traslados.).

## **3. COMPETENCIAS TRANSVERSAIS, XERAIS E ESPECÍFICAS POR ESPECIALIDADE E PERFIL PROFESIONAL DOS TITULADOS.**

Segundo establece a lexislación vixente, Decreto 179/2015 de 29 de outubro (Diario Oficial de Galicia do 7 de decembro de 2015), os titulados superiores en Arte dramática deberán acadar as competencias que se sinalan:

### **COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

- T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.  
T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.  
T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

- T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- T5. Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
- T6. Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
- T7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
- T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T9. Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
- T10. Liderar e xestionar grupos de traballo.
- T11. Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
- T12. Adaptarse en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
- T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
- T14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
- T15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
- T16. Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
- T17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.

## **COMPETENCIAS XERAIS**

- X1. Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
- X2. Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
- X3. Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
- X4. Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
- X5. Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
- X6. Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
- X7. Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
- X8. Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

## COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA

- ED1. Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
- ED2. Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
- ED3. Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
- ED4. Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral
- ED5. Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
- ED6. Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

## COMPETENCIAS ESPECÍFICAS ESCENOGRAFÍA

- EE1. Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
- EE2. Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
- EE3. Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
- EE4. Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.
- EE5. Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
- EE6. Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

## COMPETENCIAS ESPECÍFICAS INTERPRETACIÓN

- EI1. Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
- EI2. Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
- EI3. Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
- EI4. Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.
- EI5. Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
- EI6. Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

### ***Perfil profesional do Título Superior en Arte dramática na especialidade de Dirección escénica e dramaturxia***

O perfil profesional definido na especialidade de Dirección escénica e Dramaturxia corresponde ao dun/dunha artista que contempla no seu conxunto o proceso de creación teatral e comprende, utiliza, coordina e xestiona as diversas linguaxes que participan na creación dun espectáculo. Desenvolve un proxecto artístico persoal ao tempo que, coa posible colaboración dos/as artistas e especialistas, harmoniza e dispón os diferentes elementos da creación escénica nun espazo e un tempo determinados tratando de suscitar no/a espectador/a

emocións, sensacións e ideas a través da palabra e a imaxe. Este/a profesional estará capacitado/a para o exercicio da investigación e da docencia.

#### ***Perfil profesional do Título Superior en Arte dramática na especialidade de Escenografía***

O perfil profesional definido na especialidade de Escenografía corresponde ao dun/dunha artista, pensador/a e comunicador/a de imaxes que utiliza basicamente a linguaxe do espazo e a dos obxectos e seres que o habitan. Desenvolve unha visión artística persoal que se combina coa de outros/as artistas participando nun proxecto artístico ou comunicativo común. Este/a profesional estará capacitado/a para o exercicio da investigación e da docencia.

#### ***Perfil profesional do Título Superior en Arte dramática na especialidade de Interpretación***

O perfil definido na especialidade de Interpretación corresponde ao dun/dunha artista, creador/a, intérprete e comunicador/a de signos que se utiliza a si mesmo/a como instrumento, integrando os seus recursos expresivos, corpo, voz e os seus recursos cognitivos e emocionais, poñéndoos ao servizo do espectáculo. Desenvolve unha visión artística persoal que se combina coa de outros/as artistas participando nun proxecto artístico común. Este/a profesional estará capacitado/a para o exercicio da investigación e da docencia.

#### **4. AS PROBAS DE ACCESO.**

O acceso ás ensinanzas superiores de Arte dramática aparece regulamentado nos artigos 3 a 9 da Orde do 21 de novembro de 2016, publicada no DOG con data do 1 de decembro de 2016. A súa ordenación e convocatoria é competencia da Consellería de Educación e corresponde ao centro a proposición de tribunais así como a determinación daqueles contidos ou materiais que se consideren necesarios para o desenvolvemento das mesmas. Coa antelación suficiente a ESAD fará pública, a través da súa páxina web, calquera proposta de contidos ou materiais que o alumnado deba preparar coa finalidade de realizar a proba.

Como norma básica de comportamento, os integrantes dos tribunais que se constituán na ESAD coa finalidade de realizar as probas de acceso ou calquera outro procedemento de análise e avaliación, comprométese a seguir un código de conduta baseado nas normas seguintes:

1. A finalidade das probas de acceso consiste en valorar e avaliar os coñecementos, destrezas, capacidades, habilidades, motivación, maduración e actitudes que presenta cada aspirante para poder realizar con éxito os estudos de Arte dramática.
2. Os aspirantes teñen dereito a unha avaliación obxectiva, imparcial e rigorosa polo que os integrantes dos tribunais se comprometen a garantir o cumprimento desta norma fundamental.
3. Os aspirantes teñen dereito a realizar as probas no tempo establecido e os integrantes dos tribunais comprométese a garantir o cumprimento desta norma.
4. O profesor ou profesora que presida cada tribunal ocuparase de ofrecer toda a información necesaria para o normal desenvolvemento das probas e atender as consultas dos aspirantes en torno ao desenvolvemento das mesmas.
5. Os integrantes dos tribunais favorecerán que o alumnado poida realizar as probas nas mellores condicións posibles.
6. Os integrantes dos tribunais absteranse de facer comentarios valorativos no transcurso das probas e na realización dos exercicios.
7. Os integrantes dos tribunais manterán en todo momento unha actitude respectuosa diante dos traballos presentados polo alumnado.
8. Os integrantes dos tribunais tomarán todo o tempo necesario para valorar, a través da entrevista, as actitudes, intereses, expectativas e experiencias dos aspirantes.

9. Unha vez finalizadas as probas, o Presidente/a e os integrantes de cada tribunal atenderán as consultas que os aspirantes desexen facer nos prazos sinalados a tal efecto.

## 5. DESEÑOS CURRICULARES POR ESPECIALIDADES.

Os deseños curriculares da titulación superior en arte dramática, en cada unha das especialidades e itinerarios de especialidade, así como as materias optativas son os contemplados na lexislación vixente aplicable (Decreto 179/2015).

## 6. GUÍA DOCENTE E PROGRAMACIÓN DOCENTE.

En aplicación do disposto no Decreto 179/2015 e na Orde do 21 de novembro de 2016 o desenvolvemento curricular na ESAD de Galicia debe concretarse nos seguintes documentos:

6. 1. Guía docente. Documento de carácter público no que se especifican os aspectos básicos de cada unha das disciplinas que integran o plan de estudos e que constará dos seguintes epígrafes:

- a) Identificación da materia e da disciplina.
- b) Obxectivos.
- c) Competencias.
- d) Contidos.
- e) Metodoloxías, actividades e temporalización.
- f) Sistema de avaliación.

A Guía docente de cada disciplina é a que se recolle no documento DC501.01, Memoria do Título. Consonte o disposto no artigo 25. 3 da Orde do 21 de novembro de 2016, o modelo de Guía docente aplicable na ESAD de Galicia, que recolle todo o antedito, é o que se mostra no Anexo I do presente documento. Estarán

6. 2. Programación docente. A programación anual de cada disciplina basearase no establecido na Guía docente e axustarase ao modelo establecido polo sistema de calidade implantado no centro, que se recolle no procedemento PC701.01

A programación docente da disciplina recollera para cada ano académico o desenvolvemento dos trazos básicos contemplados na Guía docente, entre os que figurarán:

- a) Identificación completa e contextualización.
- b) Docente responsable.
- c) Organización dos contidos propios e temporalización da docencia destes.
- d) Procedemento e instrumentos de avaliación ordinaria e extraordinaria. Sistema de cualificación e sistema de recuperación.
- e) Metodoloxía, materiais e recursos didácticos e actividades complementarias.
- f) Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.

A programación docente será accesible ao alumnado mediante a páxina web do centro, e estará dispoñible antes do inicio das actividades lectivas.

## 7. MEMORIA DO DEPARTAMENTO E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.

Unha vez finalizada a convocatoria ordinaria de xuño, os departamentos, a través da persoa que exerza a Xefatura dos mesmos, elaborarán un informe que recollerá:

- Grao de cumprimento das Programación Docentes, modificacións que se estimen necesarias e proposta de modificación das mesmas.

- Recollida de resultados da avaliación do alumnado e análise dos mesmos, [a partir das memorias individuais elaboradas polo profesorado](#).
- Propostas que o Departamento estime oportunas en relación coa organización das actividades docentes e de aprendizaxe, coa organización escolar, os horarios, e cantas outras estime oportunas para a mellora da calidade educativa.

A Memoria será redactada polo Xefe/a de Departamento e entregada na Xefatura de Estudos antes do día 30 de xuño. [Nos documentos PA701.02, Caderno do profesorado, e PA701.04, Caderno Xefatura Departamento e Servizo, aparecen recollidos os impresos para elaborar a memoria individual por disciplina e a memoria xeral.](#)

Os Xefes/as dos departamentos non didácticos (Calidade, Creación e produción, e Mobilidade e Transición) presentarán igualmente unha Memoria de actividades segundo modelo recollido nas Normas de Organización e Funcionamento da Escola e no [PA701.04, Caderno Xefatura Departamento e Servizo](#). Os coordinadores dos diferentes servizos cos que conta a Escola tamén presentarán a correspondente memoria seguindo o modelo antedito.

## **8. CRITERIOS DE COORDINACIÓN NO NIVEL DE DEPARTAMENTOS, ESPECIALIDADE E ESCOLA.**

A Orde do 4 de xuño de 2012, que regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte ensinanzas reguladas na LOE e na LOMCE, establece que os departamentos celebrarán reunións periódicas. Para facilitar a organización das reunións de departamento e doutros órganos de coordinación ou colexiados da Escola, o centro ten establecido, mediante acordo de Claustro de profesorado e do seu Consello escolar que o día reservado para esas xuntanzas sexa o martes, na franxa horaria que vai de 16:00 a 21:00.

Coa finalidade de establecer liñas de coordinación das actividades de docencia e aprendizaxe e noutros ámbitos, establécense diferentes tipos de reunión, cada unha con finalidades específicas:

- Reunión ordinaria de departamento* na que se analizarán os aspectos básicos do seu funcionamento, referidos a seguimento de programacións, coordinación entre materias, compras e materiais didácticos, informacións, liñas de coordinación das materias por especialidade e no nivel de Escola, e outros asuntos. Nesta reunión participan os integrantes de cada departamento, presididos polo seu Xefe/a, quen levanta acta.
- Reunión ordinaria de departamento por áreas de coñecemento* orientadas á coordinación entre as materias en relación coas programacións, o traballo do alumnado, criterios de avaliación e outros asuntos.
- Reunión ordinaria de Xefes/as de departamentos no nivel de Escola* coa finalidade de analizar liñas de coordinación do traballo en relación coa docencia, a avaliación, a realización de mostras de traballo, actividades complementarias e outras actividades vinculadas cos procesos de ensinanza e aprendizaxe, ou para analizar cuestións urxentes.
- Reunión extraordinaria de departamento*, cando así o solicite un terzo do profesorado adscrito ou cando a urxencia dos temas a tratar así o esixa.

A convocatoria das reunións será responsabilidade de cada Xefe/a de Departamento e realizarase por escrito, e cunha antelación de 48 horas, segundo o modelo establecido nas Normas de Organización e Funcionamento. Cada Xefe/a de Departamento levantará acta, indicando os temas tratados, acordos tomados, asuntos pendentes e compromisos adquiridos, que será recollida no correspondente Libro de Actas. Tamén presentará o impreso de asistencia, que será asinado polas persoas presentes, e do que entregará copia na Xefatura de Estudos xunto coa copia da acta da reunión.



A convocatoria das reunións contempladas en c) será responsabilidade da Xefatura de Estudos, e realizarase por escrito, e cunha antelación de 48 horas, segundo o mesmo modelo de convocatoria de xuntanzas. O Xefe/a de Estudos levantará acta da mesma, indicando os temas tratados, acordos tomados, asuntos pendentes e compromisos adquiridos, e da que se pasará copia a todos os Xefes/as de Departamento. Tamén presentará o impreso de asistencia, que será asinado polas persoas presentes. Cando así se considere, os acordos serán trasladados á Comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Claustro de Profesores e Profesoras, á Dirección ou ao Consello Escolar aos efectos que se estimen oportunos. Os ditos acordos tamén se poden trasladar ao alumnado ou á Xunta de Delegados, sempre a través da Xefatura de Estudos. O traslado dos acordos deberá realizarse segundo o modelo establecido para tal efecto para as comunicacións internas, e nos prazos axeitados.

Como se sinalaba máis arriba, de considerarse necesario, e segundo o establecido na lexislación vixente (artigo 51 do Decreto 324/1996), poderá convocarse unha reunión extraordinaria do Departamento por decisión do seu Xefe/a, ou por petición dun terzo dos profesores e profesoras integrantes do departamento. Cando sexa necesaria unha reunión extraordinaria de coordinación entre os departamentos, a mesma realizarase a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, por decisión do seu Presidente/a ou por petición dun terzo dos seus integrantes, e segundo o establecido no antedito artigo.

## 9. ASPECTOS DIDÁCTICOS E METODOLÓXICOS.

Con independencia da liberdade de cada docente a escoller aquelas ferramentas metodolóxicas que mellor se adecúen aos obxectivos a acadar na súa materia e aos contidos e competencias a desenvolver, a propia natureza dos estudos superiores de Arte Dramática aconsellan a posta en marcha de liñas metodolóxicas comúns que, lonxe de impregnar de uniformidade os procesos de ensinanza e aprendizaxe, lles confiran rigor e coherencia. Por outra banda, a converxencia no Espazo Europeo da Educación Superior tamén aconsella liñas metodolóxicas coherentes cos principios educativos que sustentan a Declaración de Boloña e unha visión da ensinanza que fomenta a integración de coñecementos teóricos e prácticos e a súa relación coa futura actividade profesional.

Na hora de deseñar os procesos de ensinanza e aprendizaxe, o profesorado debe considerar os seguintes parámetros en tanto variables que inciden nas situacións de aprendizaxe que se poden dar na aula:

- As características do grupo de clase.
- Os coñecementos previos dos individuos que conforman o grupo.
- O grao de motivación percibido no alumnado.
- Os recursos dispoñibles.
- Os obxectivos da disciplina en relación coas competencias terminais a desenvolver no título superior.
- Os contidos básicos da disciplina establecidos na correspondente Guía docente.

Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia apostamos por un enfoque metodolóxico plural, que permita combinar o saber, o saber facer e o saber ser, o que implica que se presta similar atención aos contidos teóricos (saber), aos procedementos (saber facer) e ás actitudes (saber ser), potenciando un coñecemento integrador, reflexivo e crítico. En consecuencia, as metodoloxías didácticas da ESAD de Galicia deben estar asentadas nos seguintes principios básicos:

- Unha metodoloxía *activa*, que mobilice ao alumnado e potencie unha actitude investigadora e crítica.
- Unha metodoloxía *participativa*, que fomente o traballo individual e de grupo, favorecendo así a cooperación na realización de tarefas e o debate e a confrontación de ideas e propostas.

- Unha metodoloxía *construtivista*, en tanto o coñecemento é algo que se constrúe desde as experiencias previas e a través da actividade reflexiva e crítica do alumnado, por medio da acción e da interacción, tendo o profesorado como unha das súas misións a potenciación dese proceso, no que debe actuar como guía e mediador.
- Unha metodoloxía *integradora*, que promova a interacción permanente entre os coñecementos e competencias que se van adquirindo nos procesos de formación nas diferentes áreas e materias.
- Unha metodoloxía *contextual* que favoreza unha relación crítica do alumnado co seu contorno social e cultural.

Un enfoque con estas características implica que tanto o equipo docente como o alumnado asuman compromisos precisos, uns no deseño e aplicación dos procesos de ensinanza e outros na responsabilidade diante dos procesos propios de aprendizaxe. O profesor debe realizar un deseño adecuado e rigoroso da súa acción educativa a través dun programa docente que exprese con claridade obxectivos, contidos e competencias asociadas, metodoloxías a empregar en cada caso e os procedementos de avaliación igualmente referidos aos contidos e competencias. O alumnado debe participar activamente no proceso pois só desde a súa participación se pode desenvolver o propio proceso, o que implica asistencia a clase, implicación activa nas actividades de aula, realización de tarefas propostas ou reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe. Nesa dirección, adquiren especial relevancia as titorías docentes, individuais ou en grupo.

Canto ás metodoloxías, nunha Escola Superior de Arte Dramática, coas adaptacións singulares en función de áreas de coñecemento, materias e disciplinas serían de aplicación as seguintes:

Tipoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Eventos docentes divulgativos e/ou	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Obradoiros	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os estudantes.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante o traballo con todo tipo de variables que permitan considerar diferentes posibilidades de resolución do problema ou do exercicio.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, considerar

variables, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Prácticas de aula	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado.
Prácticas en aulas de informática	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas en aulas de informática.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores. Entre elas pódense citar prácticas de campo, visitas a eventos, teatros, auditorios, salas de concertos, festivais, centros de investigación, empresas, institucións... de interese académico-profesional para o alumnado.
Prácticas externas	O estudante desenvolver as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un período determinado e realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas.
Prácticum	O estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión.
Prácticas escénicas	O estudante desenvolver as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión na área das artes escénicas
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, presentacións, escenas, mostras... Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, elaboración de escenas e mostras de traballo.
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun medio real ou virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou taller... de forma autónoma por parte do alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. Ensino baseado en proxectos de aprendizaxe: Método no que os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.
Prácticas autónomas a través de TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.
Proxectos integrados	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais. Aprendizaxe colaborativa. Enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal o alumnado é responsables da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de corresponsabilidade para acadar metas e incentivos de grupo.

Titoría docente

Entrevistas e reunións periódicas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, seguimento e coordinación de traballos, realización de actividades específicas vinculadas a competencias non adquiridas, clarificación de todo tipo de cuestións vinculados cos núcleos temáticos da disciplina, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.

## 10. AVALIACIÓN

A normativa aplicable para avaliación dos procesos de aprendizaxe e creación na ESAD de Galicia aparece recollida no Decreto 179/2015 e na Orde do 21 de novembro de 2016. No Manual de Calidade da ESAD de Galicia reflíctese no procedemento de avaliación PC701.02.

En relación coa avaliación dos procesos de aprendizaxe na ESAD de Galicia tense en consideración a natureza das ensinanzas que teñen sempre unha compoñente teórica, tecnolóxica e práctica, e nas que se pretenden potenciar aqueles contidos máis vinculados co desenvolvemento de competencias, o que esixe unha interacción permanente entre teoría e práctica. A avaliación, ao tratarse de ensinanzas non propedéuticas senón finalistas, debe garantir que o alumnado posúe as competencias terminais de carácter transversal, xeral e específico, e o seu desempeño se axusta ao perfil profesional establecido no capítulo 3 do presente documento. En consecuencia nas Guías docentes de cada disciplina, e nas Programacións docentes deberán figurar con claridade criterios de avaliación centrados nas competencias que en cada caso de deban desenvolver e posuír.

Todo iso fai que a asistencia a clase sexa unha condición necesaria para que o alumnado poida adquirir as competencias terminais dos seus estudos. A asistencia a clase, os traballos guiados polo profesorado e o traballo individual e en grupo que cada alumno ou alumna presenta na aula ou diante do profesor, son elementos fundamentais nos procesos de aprendizaxe que se van ter especialmente en conta na avaliación do alumnado, que vai ter sempre carácter continuo, consonte a natureza dos estudos e do currículo, se ben sempre se arbitren medidas de avaliación e seguimento para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua ou non asistentes.

Nesa dirección, cómpre ter presente unha serie de ideas que son fundamentais á hora de afrontar os estudos de arte dramática, pois ademais de seren ensinanzas con carácter presencial, que non admiten ningún tipo de exención da asistencia a clase, tamén teñen uns trazos ben diferenciais:

- O currículo está integrado por unha serie de materias cunhas dimensións teórica, tecnolóxica, metodolóxica e práctica en permanente interacción.
- O currículo persegue o desenvolvemento de competencias vinculadas cuns obxectivos terminais.
- Debido á natureza dos estudos, a avaliación só se pode realizar a través da observación diaria do traballo do alumnado e do seu progreso.

### **Criterios de avaliación comúns ás titulacións das Ensinanzas Artísticas Superiores**

1. Afacerse a condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.
3. Amosar unha actitude autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e medioambiental.

5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
6. Apreciar a sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
7. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
8. Comprender e usar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
9. Esforzarse no traballo autónomo.
10. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.
11. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
12. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
13. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
14. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
15. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
16. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
17. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.
18. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

#### **Criterios de avaliación xerais do Título Superior en Arte Dramática**

1. Amosar autonomía, independencia e capacidade de motivación e de organización nos procesos creativos.
2. Amosar capacidade de comprensión da alteridade, no que atinxe a feitos fundamentais como conduta, situación, conflito e personalidade.
3. Amosar a capacidade necesaria para traballar con flexibilidade e para tirar o máximo partido dos recursos expresivos e creativos propios dun/dunha creador/a escénico/a.
4. Improvisar en distintos contextos a partir do coñecemento de estilos, formatos, técnicas, tendencias e linguaxes diversas.
5. Crear e deseñar os propios conceptos artísticos.
6. Experimentar coa improvisación, a creación e a recreación teatral.
7. Expoñer de forma escrita e verbal o contido e os obxectivos da súa actividade profesional a persoas especializadas, cun uso adecuado do vocabulario técnico e xeral.
8. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos teatrais e escénicos diversos.
9. Expresarse a través dos propios conceptos artísticos a partir de técnicas e recursos asimilados.
10. Coñecer os diferentes estilos e prácticas escénicas de cara a entender, nun contexto cultural máis amplo, o propio campo de actividade e enriquecelo.
11. Coñecer os fundamentos e a estrutura dos códigos de expresión e creación teatral e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.
12. Coñecer os recursos tecnolóxicos propios do seu campo de actividade e as súas aplicacións no teatro.
13. Coñecer suficientemente o feito escénico e teatral e a súa relación coa evolución dos valores estéticos, artísticos e culturais.
14. Identificar, coñecer e analizar un repertorio escénico amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións.
15. Identificar os trazos estilísticos que caracterizan os repertorios escénicos considerados desde a súa especialidade e describilos de forma clara e completa.
16. Identificar e describir os principios teóricos das artes escénicas.

17. Identificar, describir e analizar un conxunto suficiente de obras, espectáculos, ensaios, autores, creadores e movementos máis representativos na literatura histórica e analítica das artes escénicas.
18. Amosar unha actitude aberta, positiva e crítica respecto das novidades tecnolóxicas, escénicas e artísticas máis recentes.
19. Colaborar en diferentes tipos de proxectos escénicos participativos.
20. Amosar unha conciencia crítica verbo da práctica profesional propia e allea, coñecendo e aplicando as ferramentas necesarias para o desempeño da análise escénica.
21. Coñecer as implicacións pedagóxicas e educativas do teatro en distintos ámbitos.
22. Coñecer e aplicar a lexislación relativa ao seu ámbito profesional.
23. Coñecer e usar metodoloxías de estudo e investigación que lle capaciten para o continuo desenvolvemento e innovación da súa actividade teatral ao longo da súa carreira profesional.
24. Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica teatral, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención á súa dimensión global.
25. Coñecer o desenvolvemento histórico das artes escénicas e do teatro nas súas diferentes tradicións, desde unha perspectiva crítica que sitúe o seu desenvolvemento nun contexto social e cultural.
26. Manexar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica escénica colectiva.
27. Manexar recursos teatrais e escénicos amplos e diversos para poder desenvolver procesos de creación escénica en función da súa especialidade.
28. Relacionar a propia actividade teatral con outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, coas artes en xeral e co resto de disciplinas escénicas en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión crítica e multidisciplinar.
29. Valorar a autoformación como un recurso de mellora ao longo da súa vida profesional.
30. Valorar a creación teatral como a acción de dar forma escénica a un pensamento estrutural rico e complexo.

***Cráterios de avaliación específicos do Título Superior en Arte Dramática na especialidade de Dirección escénica e dramaturxia***

1. Amosar unha actitude positiva para a adaptación a contornos e retos creativos múltiples.
2. Aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito da creación escénica e da dramaturxia nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.
3. Comprender e usar metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación teatral e no eido da dirección escénica e a dramaturxia.
4. Coñecer as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación escénica, da dirección escénica e a dramaturxia.
5. Coñecer desde un punto de vista crítico as tendencias principais no campo da dirección escénica e a dramaturxia nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.
6. Coñecer os aspectos estéticos, artísticos e formais de textos, espectáculos e repertorios da tradición occidental e doutras tradicións escénicas.
7. Coñecer os fundamentos da interpretación, dos diferentes estilos, e os fundamentos da dirección de actores.
8. Describir e explicar verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado, respecto das creacións escénicas.
9. Dispoñer dunha personalidade artística singular e flexible.
10. Identificar, analizar e describir as principais tendencias na tradición occidental e noutras tradicións escénicas.
11. Interesarse pola investigación e a experimentación escénica.
12. Interpretar analiticamente a construción dos espectáculos escénicos en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que os conforman.

13. Utilizar e comprender as técnicas e recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.
14. Coñecer os fundamentos en pedagogía teatral, tanto na área de coñecementos sistemáticos como na súa aplicación.

***Crterios de avaliación específicos do Título Superior en Arte Dramática na especialidade de Escenografía***

1. Amosar unha actitude positiva para a adaptación a contornos e retos creativos múltiples.
2. Aplicar as novas tecnoloxías ao ámbito da escenografía nunha variedade de contextos e formatos, incluíndo as colaboracións con outros campos artísticos.
3. Comprender e usar metodoloxías necesarias para a investigación e experimentación teatral e no eido da escenografía.
4. Coñecer as tendencias e propostas máis recentes en distintos campos da creación escenográfica.
5. Coñecer desde un punto de vista crítico as tendencias principais no campo da creación escenográfica nun amplo repertorio de diferentes épocas e estilos.
6. Coñecer os aspectos estéticos, artísticos e formais de textos, espectáculos e repertorios da tradición occidental e doutras tradicións escénicas.
7. Dominar as técnicas de expresión gráfica, e coñecer os códigos espaciais, lumínicos e sonoros, que se poden integrar nun proxecto escenográfico.
8. Coñecer os procesos, técnicas e recursos propios da construción e realización de escenografías.
9. Describir e explicar verbalmente un xuízo teórico, analítico, estético e crítico ben estruturado, respecto das creacións escénicas.
10. Dispoñer dunha personalidade artística singular e flexible.
11. Identificar, analizar e describir as principais tendencias na tradición occidental e noutras tradicións escénicas.
12. Interesarse pola investigación e a experimentación escénica.
13. Interpretar analiticamente a construción dos espectáculos escénicos en todos e cada un dos aspectos e niveis estruturais que os conforman.
14. Utilizar e comprender as técnicas e recursos dos principais estilos compositivos históricos e recentes.
15. Coñecer os fundamentos en pedagogía teatral, tanto na área de coñecementos sistemáticos como na súa aplicación.

***Crterios de avaliación específicos do Título Superior en Arte Dramática na especialidade de Interpretación***

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto escénico colectivo.
2. Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais teatrais con rigor.
3. Coñecer as implicacións artísticas e estéticas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.
4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de interpretación, mostrando flexibilidade e capacidade de integración no grupo.
5. Construír unha idea interpretativa coherente e propia.
6. Debater e explicar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra escénica.
7. Dominar a improvisación, a creación de personaxes e a creación de partituras de interpretación.
8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos escénicos, desde os individuais ata os colectivos.
9. Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.

10. Manexar as técnicas orais e corporais de xeito que se poida expresar teatralmente, partindo do coñecemento e dominio da técnica oral e corporal, así como das características propias e das variantes estilísticas de cada estilo de interpretación.
11. Interesarse pola investigación e a experimentación escénica.
12. Coñecer os fundamentos en pedagogía teatral, tanto na área de coñecementos sistemáticos como na súa aplicación.

**10. 1. Ferramentas de avaliación.** Na Escola Superior de Arte Dramática, en función das características e trazos que definen estas ensinanzas, o profesorado acorda implementar unhas ferramentas de avaliación que se veñen utilizando noutros centros de educación superior mais adaptados a esas especificidades. Serían as ferramentas que se recollen na táboa que se presenta:

Tipoloxía	Descrición
Observación sistemática	Técnicas destinadas a recompilar datos sobre a participación do alumno, baseados nun listado de condutas ou criterios operativos que faciliten a obtención de datos cuantificables.
Asistencia e participación en clase	Participación activa na clase e nas diferentes tarefas que se realizan na mesma. Compromiso co traballo e dispoñibilidade para a realización de tarefas individuais e de grupo. Participación en debates.
Informes/memorias de prácticas/ diario	Elaboración dun documento por parte do alumno no que se reflicten as características do traballo levado a cabo. Os alumnos deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a análise e tratamento de datos.
Cartafol Memoria de aula	Documento elaborado polo alumnado, quen recompila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación.
Probas de autoavaliación	Probas nas que o alumno valora os seus logros en función dos obxectivos propostos e determina os factores que poden influír na súa actuación.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumnado debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu.
Estudo de casos/análise de situacións	Proba na que se presenta unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, variables, etc, debendo o alumnado presentar unha memoria ou unha proposta escénica concreta.
Deseño e/ou realización de proxectos	O alumnado diseña ou realiza un determinado proxecto a partir das variables específicas determinadas para o mesmo, en función da súa natureza.
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Informes/memorias de prácticas	Elaboración dun traballo no que o alumno refire as características dun traballo práctico realizado, de carácter individual ou colectivo.
Presentacións	O alumnado presenta un exercicio, secuencia de exercicios, ou un



	traballo escénico ou doutro tipo, a partir dunha determinada proposta propia, allea ou sinalada polo profesor.
Clases abertas	O alumnado participan unha clase aberta de forma individual e colectiva na que deberá realizar determinadas pautas e secuencias de traballo seguindo as instrucións do profesor/a ou dos compañeiros.
Mostra	O alumnado presenta nun contexto de exhibición escénica, ou exposición, con público un determinado traballo, individual e colectivo nos períodos establecidos.
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.
Probas de resposta curta	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.
Titorías docentes	Asistencia a titorías docentes e participación activa no seu proceso de aprendizaxe, coa capacidade de melloralo e orientalo na dirección adecuada para a consecución óptima de competencias.

En cada Guía docente e na correspondente Programación docente o profesorado establecerá as probas e ferramentas de avaliación indicando a porcentaxe aplicable en cada caso e requisito para superar as competencias vinculadas cos contidos obxecto de avaliación mediante unha determinada ferramenta. Igualmente se establecerán as ferramentas para a avaliación continua, a ordinaria e a extraordinaria, con indicación expresa das probas e ferramentas para alumnado que perda a avaliación continua e para non asistentes. As ponderacións en porcentaxes en cada caso serán diferentes, pero en calquera caso se debe garantir que o alumnado poida obter a máxima nota con independencia da maneira en que sexa avaliado, e que varía entre a avaliación continua e a proba global.

Os criterios de avaliación daranse a coñecer na páxina web da ESAD e a través dos titores e profesores da escola de xeito que todo o alumnado coñeza polo miúdo os criterios xerais de avaliación do centro.

**10. 2. Outros ámbitos de avaliación.** No relativo aos procesos de avaliación xeral da escola e do seu profesorado, e atendendo ao establecido na lexislación vixente, enténdese como prioritario poñer en marcha procesos que garantan unha avaliación permanente e a mellora dos diferentes ámbitos que se poidan considerar, se ben deben ser as administracións educativas as que establezan os ámbitos e procedementos, as ferramentas e os recursos. En calquera caso, este Manual, nos seus capítulos 8 e 12 xa establece procedementos de medición orientados á mellora.

## **11. A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E A ACCIÓN TITORIAL.**

Segundo establece o artigo 58 do Decreto 324/1996, a titoría e a orientación do alumnado formará parte da función docente, funcións que se desenvolverán ao longo de todas as etapas e ciclos formativos. Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia a orientación académica e

profesional do alumnado e a acción titorial enténdense como piares complementarios dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, en tanto se orientan a potenciar unha formación de calidade, vinculada coa práctica profesional, e a facilitar o tránsito a outros estudos superiores ou posgraou ou á vida laboral.

Consonte a natureza dos estudos e a idade e características do alumnado, na ESAD de Galicia non está prevista a existencia dun departamento de orientación, pero si a existencia de titores ou titoras cunhas funcións establecidas no artigo 59 do dito Decreto recollidas no Regulamento Orgánico e adaptadas ás características específicas do alumnado da ESAD. O Regulamento Orgánico establece a elaboración dun Plan Anual de Acción Titorial coa formulación de obxectivos e o deseño de actividades para a súa consecución. Igualmente o Regulamento Orgánico establece a elaboración dun Plan anual de orientación académica e profesional que ten como finalidade facilitar tanto o proceso de educación do alumnado da ESAD como potenciar a súa transición á vida activa.

## 12. AS MOSTRAS DE TRABALLO.

As mostras de traballo son un ámbito fundamental tanto dos procesos de ensinanza e aprendizaxe como das actividades complementarias da ESAD, e nese sentido deben entenderse como vinculadas coas actividades lectivas. Teñen como finalidade establecer un marco no que o alumnado mostre a un público determinado algúns dos traballos realizados durante o curso escolar, sexa unha parte dos procesos de traballo de aula ou un traballo na súa totalidade. Nesa dirección, as mostras, como norma xeral, non se conforman a partir de traballos preparados con carácter específico para seren presentados nas mesmas, senón que se conciben como unha actividade que enriquece e complementa o traballo da aula a través da presentación dos traballos que os alumnos e as alumnas realizan habitualmente, como parte da programación de aula, diante dun público concreto, a determinar en cada caso. Trátase, en consecuencia, dunha actividade obrigatoria para o alumnado e que pode e debe ser avaliable, segundo o establecido na Guía / Programación docente das materias que dean lugar a ese proceso de presentación pública de traballos.

As mostras de traballo poden ter carácter *ordinario* ou *extraordinario*. As primeiras desenvolveranse como norma xeral nos meses de decembro e maio, nos días reservados a tal efecto e segundo un calendario que elaborará a Xefatura de estudos xunto co Departamento de Creación e Produción, a partir das propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica. A súa organización será responsabilidade do Departamento de Creación e Produción, que distribuirá os recursos dispoñibles. Estas mostras poderán ter lugar nas aulas ou nos espazos de exhibición da Escola en función dos obxectivos didácticos de cada un dos traballos a mostrar.

As mostras de traballo de carácter extraordinario son aquelas que se organizan diante dun acontecemento determinado ou para unha conmemoración, e poden ser propostas por calquera sector da comunidade escolar, sempre a través do Departamento de Creación e Produción, co informe pertinente da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

## 13. OS TRABALLOS DE FIN DE ESTUDOS

Segundo o establecido na lexislación vixente, nomeadamente no Decreto [179/2015](#) e na [Orde do 21 de novembro de 2017](#), o alumnado deberá presentar un proxecto fin de estudos. Os procedementos para a presentación, elaboración, defensa e avaliación do dito proxecto aparecen recollidos no presente Manual, no PC701.04. Corresponde ao Departamento de Creación e Produción, en colaboración coa dirección da Escola, a coordinación dos procesos de realización deses traballos e a asignación dos recursos necesarios para o seu desenvolvemento nas condicións adecuadas. Os traballos presentados como proxectos fin de estudos poderán ser presentados ou dados a coñecer, segundo os medios máis axeitados, como parte da programación habitual de actividades da ESAD.

#### **14. POSGRAO E DOUTORAMENTO**

Atendendo ás necesidades de especialización do alumnado da ESAD e doutros usuarios externos, a Escola deberá realizar unha oferta axeitada para atender as posibles demandas nese eido. Corresponde ao Servizo de Investigación o deseño de iniciativas e proxectos tendentes a establecer a oferta educativa da ESAD, considerando as propostas dos Departamentos didácticos e dos profesores/as doutores da ESAD. A oferta, elaborada en colaboración coa Dirección da ESAD será coñecida polo Claustro de profesores e profesoras e pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobada polo Consello Escolar.

#### **15. FORMACIÓN ABERTA E PERMANENTE**

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia ten a vocación de complementar a súa oferta de formación inicial cunha oferta específica de formación aberta e permanente, podendo esta última ter un carácter diferenciado en funcións dos múltiples usuarios. A ESAD asume que unha das súas finalidades consiste en establecer unha oferta de formación permanente adecuada ás necesidades manifestadas polos traballadores e traballadoras das artes escénicas e por outros colectivos vinculados con ese campo de actividade, pero ao mesmo tempo tamén debe establecer unha oferta de formación aberta dirixida a todas aquelas persoas interesadas no feito teatral. Para iso a ESAD debe establecer protocolos de colaboración con outras institucións, organismos e actividades que permitan que as ditas actividades non supoñan custos adicionais senón que se convertan nunha fonte complementaria de ingresos. Para os efectos de coordinar e realizar o seguimento destas actividades a nivel interno funcionará un Servizo de Formación Aberta e Permanente, coordinado pola Xefatura de Estudos, que será responsable da elaboración do Plan Anual de Formación. O dito Plan será presentado ao Claustro de Profesores e Profesoras e á Comisión de Coordinación Pedagóxica para o seu coñecemento e finalmente será trasladado ao Consello Escolar para a súa aprobación.

#### **17. AVALIACIÓN, REVISIÓN E MELLORA DO PROXECTO CURRICULAR**

Coa finalidade de proceder á revisión anual deste Proxecto Curricular establécese o seguinte procedemento:

- As propostas de modificación do Proxecto Curricular, se é o caso, serán elaboradas, durante o mes de xuño, pola Comisión de Coordinación Pedagóxica á vista das indicacións dos departamentos.
- A avaliación e revisión terá carácter anual e será realizada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobada polo Claustro de Profesores e Profesoras.

Unha vez aprobadas e realizadas as modificacións anuais, procederáse á edición dunha nova versión do PCE que será comunicado as instancias oportunas, nomeadamente á Inspección educativa para a súa validación e posterior edición.

## ANEXO I

**Guías docentes, segundo o artigo 25 da Orde do 21 de novembro de 2016.**

**OLLO, unha vez cubertos os datos, hai que borrar as instrucións que están en azul.**

<b>Materia:</b> denominación	
<b>Disciplina:</b> denominación	
Curso	
Cuadrimestre	
Carácter	(Formación básica, Obrigatoria, Optativa)
ECTS	
Linguas nas que se imparte	GA (galego), CA (castelán), EN (inglés), PT (portugués)
Obxectivos	(os que aparecen na programación docente)
Competencias transversais	(ver DA701.05) (letra e número)
Competencias xerais	(ver DA701.05) (letra e número)
Competencias específicas	(ver DA701.05) (letra e número)
Contidos	(só a denominación xeral dos bloques temáticos)
Metodoloxías docentes	(incluír listaxe, a partir do documento DA701.06)
Criterios de avaliación aplicables	(incluír listaxe, segundo os criterios que aparecen no documento DA701.05 por exemplo: AT1, AX10, AD12)
Procedemento de avaliación con ponderación (en porcentaxe)	[por exemplo: traballos de aula (40%), práctica individual (20%), memoria (20%), asistencia e participación (20%)]
Observacións	DISCIPLINAS CON CONTIDOS PROGRESIVOS: Para ser avaliado nesta disciplina, hai que ter aprobadas as disciplinas anteriores coa mesma denominación. (calquera outra observación que sexa pertinente)
Outros	O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado segundo o procedemento que se establece na programación docente anual. Os procedementos de atención á diversidade serán recollidos na programación docente anual.